



**CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN EUGENIO GRANELL PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIAS.**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

**DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Cultura ten previsto formalizar coa Fundación Eugenio Granell o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

*Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Fundación Eugenio Granell para a realización de actividades culturais.*

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

*De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, por canto se trata de actividades únicas e de especiais características, directamente vinculadas aos fins fundacionais da entidade destacando o seu carácter singular e de interese público. As actuacións están adaptadas á singularidade da entidade coa finalidade de promover o surrealismo, correctes afíns a figura de Eugenio Granell e os fondos museográficos e bibliográficos da Fundación.*





*Por todo o anterior é a Fundación Eugenio Granell a que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.*

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

